



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP15117 – Teléfono: 981 706903  
Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### 3ª ACTA DO TRIBUNAL QUE REXE O PROCESO SELECTIVO PARA SELECCIÓN DUN FUNCIONARIO INTERINO, BIBLIOTECARIO-ARQUIVEIRO, PARA A SUBSTITUCIÓN TRANSITORIA DO TITULAR DA PRAZA E CREACIÓN DE LISTA DE RESERVA.

### RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS, LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS APROBADAS E LISTAXE DE BOLSA DE TRABALLO/ LISTA DE RESERVA

Sendo as 12.00 h do día 30 de abril de 2024, reúnen-se en sesión telemática as persoas que de seguido se relacionan e que compoñen o Tribunal que avaliará os méritos que acreditaron os/as aspirantes presentados ao concurso-oposición para a selección dun funcionario interino, bibliotecario-arquiveiro, para a substitución transitoria do titular e creación de lista de reserva.

O tribunal está integrado polos seguintes membros:

**Presidenta:** Alejandra D. Fandiño Sánchez, secretaria-interventora do Concello de Sobrado

**Vogais:**

- Rosa M<sup>a</sup> Buján Ordóñez, secretaria-interventora do Concello de Curtis
- Emilia Alborés Lema, AEDL deste concello
- Julio Torreira López, monitor-coordinador deportivo deste concello.

**Secretaria:** Begoña Carrasco García, secretaria-interventora deste concello

Unha vez constituído o Tribunal e tendo o quórum necesario procédese coa análise das alegacións presentadas.

Publicada con data do 10/04/2024 a relación de persoas candidatas por orde decrecente de puntuación, con indicación da acadada en cada unha das fases do proceso selectivo, dentro do prazo de 2 días hábiles presentáronse as seguintes alegacións/reclamacións:

- David Rivas Blanco (RE núm. 202499900000278, de 11/04/2024)
- Sara Rodo Calvo (RE núm. 202499900000282, de 11/04/2024)
- Rosalía Bouza Cousillas (RE núm. 202499900000286 e 202499900000287, de data 12/04/2024)
- Beatriz Eugenia López Miragaya (RE núm. 202499900000288, de 12/04/2024)

#### Alegación de David Rivas Blanco:

Na alegación presentada solicita a revisión da valoración da fase de concurso nos apartados de:

- Formación especificamente relacionada co posto de traballo: para que se lle valore a bolsa de formación en Biblioteconomía e a bolsa de formación en materia de Arquivos;
- Formación especializada: para que se lle valore o Grao en Información e Documentación.

Revisada a súa solicitude, considerando o disposto no apartado 2.1 da base octava das bases de selección: “Por formación (curso, xornadas, seminarios, accións formativas, etc) especificamente relacionada co posto de traballo e impartida polas Administracións Públicas e/ou entidades formativas acreditadas e homologadas:

• De ata 50 horas de duración: 0,2 puntos por curso.

• De máis de 50 horas: 0,40 puntos por curso.



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP15117 – Teléfono: 981 706903  
Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

Nos documentos que se aporten en acreditación destes méritos académicos debe constar a duración expresada en horas. Os cursos de menos de 5 horas non se puntuarán.

A puntuación máxima neste apartado será de 2 puntos”,

este Tribunal por unanimidade, acorda:

- Ao considerar as bolsas de formación como unha acción formativa práctica, acorda estimar a súa alegación para que se lle valore no apartado de Formación a bolsa de formación en biblioteconomía convocada pola Orde do 7 de xaneiro de 2020 (DOG núm. 27, de 10 de febreiro), outorgándolle unha puntuación de 0,40 puntos.
- Acorda desestimar a súa alegación para que se lle valore no apartado de Formación a bolsa de formación en materia de arquivos da convocatoria do programa 2022-23 (Orde do 16 de decembro de 2021, DOG núm. 6 do 11 de xaneiro de 2022), por non constar a duración expresada en horas, de acordo co indicado no apartado 2.1 da base octava das bases de selección.
- Acorda desestimar a súa alegación para a valoración do título de Grao en Información e Documentación xa que é a titulación que consta como requisito de acceso ao proceso selectivo, polo que non se computa a mesma formación académica no apartado de Formación e outros méritos.

### Alegación de Sara Rodó Calvo

Na alegación presentada solicita que se lle valore no apartado de formación académica a Bolsa de formación en biblioteconomía e o Máster en estudos avanzados en Museos, Arquivos e Bibliotecas da UDC.

Revisada a súa solicitude, considerando o disposto no apartado 2.1 da base octava das bases de selección, este Tribunal, por unanimidade, acorda:

- Ao considerar as bolsas de formación como unha acción formativa práctica, acorda estimar a súa alegación para que se lle valore no apartado de Formación a bolsa de formación en biblioteconomía convocada pola Orde do 30 de decembro de 2021, outorgándolle unha puntuación de 0,40 puntos.
- Acorda desestimar a súa alegación no relativo á valoración do Máster en estudos avanzados en Museos, Arquivos e Bibliotecas da UDC, atendendo a que este master xa foi valorado na fase de concurso de méritos con 0,50 puntos, se ben houbo un erro á hora de transcribir a puntuación poñéndose a puntuación de 0,50 puntos na columna de Outros méritos\_Linguaxe administrativa, cando a candidata non acredita méritos no apartado de Linguaxe administrativo, correspondéndose esa puntuación co dito Máster en estudos avanzados en Museos, Arquivos e Bibliotecas. Procédese, por tanto, a corrixir a súa puntuación e poñela no apartado correcto de Formación Académica/Máster.

### Alegación de Rosalía Bouza Cousillas

Na alegación presentada solicita que se lle valore no apartado de formación académica o Máster en Xestión da Documentación, Bibliotecas e Arquivos da Universidade Complutense de Madrid.

Revisada a súa solicitude, considerando o disposto na base 8.1 das bases de selección “Os méritos aos que se fai referencia neste baremo deberanse posuír na data en que remate o prazo de presentación de instancias,



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP15117 – Teléfono: 981 706903  
Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

computándose, en calquera caso, ate a dita data. Tan só serán valorados os méritos que se aleguen e xustifiquen documentalmente coa presentación da instancia, sen que sexa admisible a concesión de prazo ningún para emendar posteriormente a falta de alegación e proba de méritos.” este Tribunal, por unanimidade, acorda desestimar a súa alegación xa que este máster, se ben consta nomeado na relación de méritos, non consta acreditado documentalmente coa documentación da súa solicitude.

### Alegación de Beatriz Eugenia López Miragaya

Na alegación presentada solicita que se revise a valoración da fase de concurso e se lle valoren cursos avaliados pola Universidade da Coruña e o SEPE.

Revisada a súa solicitude, considerando o disposto no apartado 2.1 da base octava das bases de selección: “Por formación (curso, xornadas, seminarios, accións formativas, etc) especificamente relacionada co posto de traballo e impartida polas Administracións Públicas e/ou entidades formativas acreditadas e homologadas...”, este Tribunal, por unanimidade, acorda desestimar a súa alegación xa que, de acordo coas bases da convocatoria, non se valora a formacións transversal porque non está especificamente relacionada co posto de traballo e non se recolle nas bases de selección a súa valoración.

### **RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS CANDIDATAS POR ORDE DECRECENTE DE PUNTUACIÓN OBTIDA NESTE PROCESO SELECTIVO (FASE DE CONCURSO E FASE DE OPOSICIÓN)**

Atendendo a que hai varios empates que non é posible desfacer aplicando o disposto na base novena, este tribunal acude á realización do sorteo. Realízase o sorteo poñendo os nomes e apelidos das persoas candidatas que empataron escritos nun papel, dos que un membro do tribunal irá extraendo os nomes das persoas candidatas dunha en unha, e esa será a orde de cada aspirante.

En primeiro lugar, procédese a desfacer os empates entre as dúas persoas candidatas cunha puntuación total de 14,50 puntos. Como resultado do sorteo queda a seguinte orde:

- 1º.- Mariña López Varela
- 2º.- Carmen Iglesias Saavedra

En segundo lugar, procédese a desfacer os empates entre as dúas persoas candidatas cunha puntuación total de 15,90 puntos. Como resultado do sorteo queda a seguinte orde:

- 1º.- Iván González Peteiro
- 2º.- David Rivas Blanco

Polo que a relación definitiva de persoas candidatas por orde decrecente de puntuación é a seguinte:

Nº	NOME E APELLIDOS	DNI	EXPERIENCIA PROFESIONAL (MÁX. 6 PTOS)	FORMACIÓN (MÁX. 5 PTOS)			TOTAL FASE CONCURSO	EXAME TIPO TEST	PUNTUA CIÓN TOTAL
				CURSOS, XORNADAS SEMINARIOS (MÁX. 2)	FORMACIÓN ACADÉMICA/ MASTERS	LING ADMVA. (MÁX. 1 PTO)			

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP15117 – Teléfono: 981 706903  
Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

				PTOS)	R (MÁX. 2 PTOS)				
1	Alonso Dominguez, Miriam	***9891 **	2,21	2,00	0,50	0,75	5,46	16,50	21,96
2	Rodo Calvo, Sara	***4392 **	0	0,80	0,50	0	1,30	17,00	18,30
3	Arias Mas, Borja	***5617 **	0	1,80	0	0	1,80	16,50	18,30
4	López Miragaya, Beatriz Eugenia	***5872 **	0	0,40	0,50	0	0,90	15,50	16,40
5	Eiroa Pose, Ángel	***2205 **	0	2,00	0	0,75	2,75	13,50	16,25
6	González Peteiro, Iván	***3576 **	0	0,40	0	0	0,40	15,50	15,90
7	Rivas Blanco, David	***9213 **	0	0,40	0	0	0,40	15,50	15,90
8	López Varela, Mariña	***3830 **	0	0	0	0	0	14,50	14,50
9	Iglesias Saavedra, Carmen	***4182 **	0	0	0	0	0	14,50	14,50
10	García Martínez, Lucía	***4769 **	0	0	0,50	0	0,50	13,50	14,00
11	Terzado López, Cristina	***9258 **	2,72	0,20	0	0	2,92	11,00	13,92
12	Bouza Cousillas, Rosalía	***0433 **	0	1,40	0	0	1,40	10,50	11,90
13	Galán Otero, Carolina	***4639 **	0	0	0	0	0	11,00	11,00
14	Alonso Rodríguez, Paula	***7648 **	0	0	0	0	0	10,50	10,50
15	Castro Rodríguez, Sonia María	***9860 ***	0	0	0	0	0	10,00	10,00

**LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS APROBADAS**

A aspirante proposta por acadar a maior puntuación neste proceso selectivo é:

**MIRIAM ALONSO DOMÍNGUEZ, DNI \*\*\*9891\*\***

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP15117 – Teléfono: 981 706903  
Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)**BOLSA DE TRABAJO/LISTA DE RESERVA**

De acordo coa base 11 das bases de selección, as persoas candidatas que superasen todos os exercicios e non consigan o posto de traballo pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo ou lista de reserva, por orde de puntuación acadada no proceso selectivo.

A bolsa de traballo/lista de reserva queda constituída como segue:

Nº	NOME E APELIDOS	DNI	EXPERIENCIA PROFESIONA L (MÁX. 6 PTOS)	FORMACIÓN (MÁX. 5 PTOS)			TOTAL FASE CONCURS O	EXAME TIPO TEST	PUNUA CIÓN TOTAL
				CURSOS, XORNADAS SEMINARIO S (MÁX. 2 PTOS)	FORMACI ÓN ACADÉMI CA/MASTE R (MÁX. 2 PTOS)	LING ADMVA. (MÁX. 1 PTO)			
1	Alonso Dominguez, Miriam	***9891 **	2,21	2,00	0,50	0,75	5,46	16,50	21,96
2	Rodo Calvo, Sara	***4392 **	0	0,80	0,50	0	1,30	17,00	18,30
3	Arias Mas, Borja	***5617 **	0	1,80	0	0	1,80	16,50	18,30
4	López Miragaya, Beatriz Eugenia	***5872 **	0	0,40	0,50	0	0,90	15,50	16,40
5	Eiroa Pose, Ángel	***2205 **	0	2,00	0	0,75	2,75	13,50	16,25
6	González Peteiro, Iván	***3576 **	0	0,40	0	0	0,40	15,50	15,90
7	Rivas Blanco, David	***9213 **	0	0,40	0	0	0,40	15,50	15,90
8	López Varela, Mariña	***3830 **	0	0	0	0	0	14,50	14,50
9	Iglesias Saavedra, Carmen	***4182 **	0	0	0	0	0	14,50	14,50
10	García Martínez, Lucía	***4769 **	0	0	0,50	0	0,50	13,50	14,00
11	Terzado López, Cristina	***9258 **	2,72	0,20	0	0	2,92	11,00	13,92
12	Bouza Cousillas, Rosalía	***0433 **	0	1,40	0	0	1,40	10,50	11,90
13	Galán Otero, Carolina	***4639 **	0	0	0	0	0	11,00	11,00

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP15117 – Teléfono: 981 706903  
Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

14	Alonso Rodríguez, Paula	***7648 **	0	0	0	0	0	10,50	10,50
15	Castro Rodríguez, Sonia María	***9860 ***	0	0	0	0	0	10,00	10,00

Ao abeiro do que dispón a base 9 das bases da convocatoria, o Tribunal por unanimidade acorda:

**Primeiro:** Publicar no taboleiro de anuncios e na sede electrónica municipal esta acta do tribunal na que consta a resolución das alegacións e a lista cos resultados definitivos.

**Segundo:** Elevar esta proposta ademais da acta da derradeira sesión, á Alcaldía para que proceda á resolución do expediente de selección de persoal e ao nomeamento como funcionario/a interino/a.

E non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por rematado o acto sendo as 15.00 h do día 30 de abril do 2024, dispoñendo a sra. Presidenta que se redacte a presente acta que subscriben tódolos membros do tribunal,

A PRESIDENTA DO TRIBUNAL

OS VOGAIS

A SECRETARIA DO TRIBUNAL